

A Casa Museo de Rosalía acolle mañá o acto de entrega do Premio Pedrón de Ouro a Mini e Mero

U.L. | 23/5/2009

A Casa-Museo de Rosalía de Castro, en Padrón acolle mañá o acto de entrega do Premio Pedrón de Ouro que este ano recaeu en Xosé Luis Rivas e Baldomero Iglesias, máis coñecidos como Mini e Mero. Asimesmo, a Fundación que leva o nome do premio fará entrega no mesmo acto do Pedrón de Honra, neste caso a profesora da Universidade de Bucarest Mariana Ploae-Hanganu.

Co Pedrón de Ouro, a Fundación pretende resaltar a traxectoria como músicos de Xosé Luis Rivas e Baldomero Iglesias e o traballo realizado dende 1972 para recuperar e transmitir o patrimonio oral de Galicia. A Fundación resalta que, «coma maestros innovadores, desenrolaron múltiples actividades de renovación pedagóxica, integrados no entorno rural no que imparten a docencia». Musicólogos, intérpretes e investigadores, foron promotores do colectivo Fuxan os Ventos, no que permaneceron durante dez anos, e fundadores do grupo A Quenlla ao que pertencen e co que levan dez discos editados. En canto a súa labor de recuperación e investigación musical, recolleron un material que ocupa miles de cintas magnetofónicas que foron cedidas ao Museo do Pobo Galego para a súa dixitalización e pasar a formar parte do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade.

Pola súa banda, Mariana Ploae é investigadora nun instituto de Bucarest, onde realiza dende hai moitos anos unha gran labor de difusión no país rumano das linguas e literaturas galega e portuguesa.



Mini e Mero lendo un pregón na localidade lucense de Parga

| XAVIER NOVO